

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 23 de xuño de 2005, da División de Recursos Humanos, pola que se anuncia a resolución provisional do segundo procedemento de provisión da categoría de médico de urxencias hospitalarias do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste organismo.

A base décimo sétima da Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), pola que se convoca proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde, establece a posibilidade de realizar un segundo proceso de entrevistas para asignación de destinos na fase de provisión e mesmo un terceiro chamamento para elixir destinos sobrantes.

Polo tanto, realizado polo tribunal da categoría de médico de urxencias hospitalarias o segundo procedemento da fase de provisión, esta División de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde

RESOLVE:

Primeiro.-Publicar, con carácter provisional, as puntuacións obtidas polos aspirantes que participaron no segundo proceso na fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego para a selección e provisión de prazas de persoal estatutario das institucións sanitarias dependentes do Servizo Galego de Saúde convocado pola Orde do 20 de maio de 2002 (DOG nº 105, do 3 de xuño), da categoría de médico de urxencias hospitalarias.

Segundo.-As listaxes poderán examinarse nos taboleiros de anuncios dos centros de xestión de atención primaria e especializada do Servizo Galego de Saúde e na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Terceiro.-Os aspirantes disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que poidan presentar, de ser o caso, reclamación contra a listaxe provisional.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2005.

José Ignacio Lema Piñeiro

Director xeral da División de Recursos Humanos

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 31 de maio de 2005 pola que se aproba a relación provisional de admitidos e excluídos nas probas selectivas para a provisión de dúas prazas de técnico especialista de actividades deportivas.

Por Resolución do 22 de marzo de 2005 (BOE do 18 de abril) convocáronse probas selectivas para

a provisión de dúas prazas de técnico especialista de actividades deportivas, vacantes no cadro de persoal laboral desta universidade.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e de conformidade establecido no artigo 12 do Decreto 94/1995, do 20 de marzo (DOG do 25 de marzo) polo que se aprobou o regulamento de selección de persoal docente da comunidade Autónoma de Galicia, no que se establece o decreto 364/1995, do 20 de marzo (DOG do 20 de abril) esta reitoría

S A R E S U L V E U.

Primeiro.-Declarar aprobada e facer pública a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con provisión e causa de exclusión ás probas. A lista completa de aspirantes figurará posta no tableiro de anuncios da reitoría (Campus Universitario de Vigo) e non existirá ningún prazo de recurso (Ourense (unidade administrativa), Campus de Pontevedra (Facultade de Ciencias Sociais) e Vigo (r/Oporto, nº 1).

Segundo.-De conformidade coa base 4.1 da Resolución do 22 de marzo de 2005, os aspirantes excluídos e os omitidos por non figurar na lista de admitidos nin na de excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* para emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, quedarán definitivamente excluídos da realización das probas.

Vigo, 31 de maio de 2005.

Domingo Docampo Amoedo
Reitor da Universidade de Vigo

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**AUDIENCIA PROVINCIAL DE OURENSE (SECCIÓN SEGUNDA)**

Edicto (3/2005).

Alfonso Travado y Lira, secretario da Sección Segunda da Audiencia Provincial de Ourense:

Certifica: que nesta sección séguense a peza de apelación número 3/2005, dimanante de apelación do xuízo de faltas 58/2004, procedente do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Celanova, por instancia de *Allianz*, sendo partes apeladas Manuel